

Galego e catalán, pero sobre todo retranqueiro, Alberte Montes está de xira co seu novo espectáculo, "Alberte Contador", no que fala moito da vida e bastante menos de ciclismo e sobre todo dá que rir. Que é do que se trata **TEXTO: TAMARA MONTERO**

Alberte Montes

ACTOR E HUMORISTA (O BARCO DE VALDEORRAS, 1986)

“¿Algo que non me faga graza?: ¡Los Morancos!”

1 Vasme contestar con outra pregunta?

[Silencio] Veremos [ri]

2 No teu novo espectáculo falas de ciclismo

Entre outras cousas. Pero falo dende a ignorancia, non sabía nin que La Vuelta acababa en Compostela.

3 Máis tópicos. É máis complicado facer rir que chorar?

Co tempo fun decañándome de que era máis difícil. Antes tiña máis por hobby e non lle daba máis importancia, pero co tempo deime de conta de que era complicadísimo.

4 E logo?

Porque a esixencia do público para rir é moito máis grande. Calquera, case calquera, se dá por bo gracioso. E superar esa barreira e facer un espectáculo redondo é complicado. É unha arte difícil. Hai que va-

lorarse un pouco, se non...

5 Outra de tópicos. Hai un humor xenuinamente galego?

Creo que si. Hai un humor universal, pero logo hai cousas que cambian. Os monólogos en Cataluña e en Galicia son iguais ao 80 %, pero hai un 20 % que me gardo para contar diferente en cada sitio. Si, hai un humor de país, e é algo que está demostrado coa retranca, que é só nosa, por aí non a entenden. Cada un ten o seu. Nós temos a retranca e eles teñen os cartos [risas]

6 E nós somos de rir de nós mesmos ou non nos facemos graza?

Home, se é un galego o que se ri dos galegos mellor que que veña un de fóra a rirse, ¿non?

7 Impón BuenaFuente?

É un pouco a Cham-

pions League [risas]. Impón, si, pero o trato é moi bo. Pero polo momento foron colaboracións puntuais.

8 Hai cousas das que non se hai que rir?

Creo que un en realidade pode rir de todo. Cun pouco de xeito e bo gusto pódense facer bromas de case todo. Eu son moi fan do humor negro. Practícoo, non sempre, pero gústame moito.

9 Algo que non che faga graza

Algo que non me faga graza... ¡Los Morancos! [Risas]

10 E con que te partes?

Cos meus pais. Son a miña maior inspiración. Na miña familia non hai tradición artística nin moito menos, pero doume de conta de que se de alguén o herdei foi da miña nai. Sobre todo da miña nai. É moi graciosa, e a maioría das veces sen ela sabelo.

